



FACULTADE DE ENFERMARÍA

TRABALLO FIN DE GRAO

A FIGURA DO/A ENFERMEIRO/A ESCOLAR EN ESPAÑA E O SEU PAPEL NO BENESTAR EMOCIONAL DOS INFANTES

Alumna: Nerea Leis Piñeiro

Titor: Xulio Manuel Maside Rodríguez

Colaborador: Ramón Area Carracedo

Modalidade: Proxecto de Investigación

Convocatoria: Xuño 2022



FACULTADE DE ENFERMARÍA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Grao en Enfermaría

O Proxecto de Fin de Grao titulado: “**A figura do/a Enfermeiro/a Escolar en España e o seu papel no benestar emocional dos infantes**”, foi realizado por o/a abaixo asinante.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2022

A alumna

Nerea Leis Piñeiro

Fdo.:

Vº Bº O titor,

Xulio Manuel Maside Rodríguez

Fdo.:

Abreviaturas

CCAA: Comunidades Autónomas

CEE: Centros de Educación Especial

EpS: Educación para a Saúde

EUA: Estados Unidos de América

NASN: *National Association of School Nurse*

OMS: Organización Mundial da Saúde

REEPS: Rede Europea das Escolas Promotoras de Saúde

Índice de táboas

Táboa 1: criterios de inclusión e criterios de exclusión	12
Táboa 2: Cronograma de tarefas	15
Táboa 3. Conceptos con cargo a financiación	16

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	1
1.1. A Enfermaría Escolar	1
1.1.1. Contexto histórico	1
1.1.2. Panorama actual	2
1.1.3. Marco legal nacional	4
1.2. A saúde emocional nos infantes.....	6
1.3. A escola humanizada.....	8
2. XUSTIFICACIÓN	9
3. OBXECTIVOS	10
4. MÉTODOS	11
4.1. Deseño do estudo	11
4.2. Ámbito de estudo.....	11
4.3. Mostra, selección e retirada de participantes. Criterios de inclusión e exclusión.	11
4.4. Análise estatística	12
4.5. Consideracións ético-legais.....	13
5. CRONOGRAMA DE TAREFAS	14
6. VIABILIDADE E COSTOS.....	16
7. RESULTADOS ESPERADOS.....	17
8. BIBLIOGRAFÍA.....	18
9. ANEXOS	21

TÍTULO: A figura do/a Enfermeiro/a Escolar en España e o seu papel no benestar emocional dos infantes.

RESUMO

INTRODUCCIÓN: Actualmente en España o papel da Enfermería Escolar atópase en proceso de desenvolvemento e conta con moi pouca presenza no sistema educativo en comparación con outros países, tanto europeos como americanos. Este traballo de fin de grado centrarase na saúde emocional de nenos e nenas de Educación Primaria, debido aos grandes cambios aos que están expostos nesta etapa vital e que se ven reflectidos nas emocións, ademais da importancia que se lle está atribuíndo nos últimos tempos á saúde mental e emocional. Farase tamén partícipe á comunidade educativa (persoal docente e familias) co fin de potenciar a figura do/a Enfermeiro/a Escolar, ao crear relacións máis achegadas e promover deste xeito o benestar emocional dos infantes como obxectivo principal.

OBXECTIVO: Determinar os coñecementos do profesorado, das familias e do alumnado pertencentes a centros públicos de Educación Primaria á hora de identificar o malestar emocional nos infantes.

MÉTODOS: O método que se utilizará será a través de enquisas, calcúlase o tamaño das mostras de cada grupo poboacional e difundiranse os cuestionarios adaptados a cada un deles. As enquisas difundiranse a través dos centros educativos e acompañadas da xustificación do proxecto para fomentar a participación.

RESULTADOS ESPERADOS: O proxecto producirá datos acerca da preparación do sistema educativo para responder de forma efectiva ás necesidades do alumnado con enfermidades de calquera tipo e adaptarse aos cambios forzados pola COVID-19, ademais de dar a coñecer a opinión e a necesidade respecto da incorporación da Enfermería Escolar.

PALABRAS CLAVE: Enfermería Escolar, saúde emocional, infancia, Educación Primaria.

TÍTULO: La figura del/ de la Enfermero/a Escolar en España y su papel en el bienestar emocional de los infantes.

RESUMEN

INTRODUCCIÓN: Actualmente en España el papel de la Enfermería Escolar se encuentra en proceso de desarrollo y cuenta con muy poca presencia en el sistema educativo en comparación con otros países, tanto europeos como americanos. Este trabajo de fin de grado se centrará en la salud emocional de niños y niñas de Educación Primaria, debido a los grandes cambios a los que están expuestos en esta etapa vital y que se ven reflejados en las emociones. Se hará también partícipe a la comunidad educativa (personal docente y familias) con el fin de potenciar la figura del/de la Enfermero/a Escolar, al crear relaciones más allegadas y promover de este modo el bienestar emocional de los infantes como objetivo principal.

OBJETIVO: Determinar los conocimientos del profesorado, de las familias y del alumnado pertenecientes a centros públicos de Educación Primaria a la hora de identificar el malestar emocional en los infantes.

MÉTODOS: El método que se utilizará será a través de encuestas, se calcula el tamaño de las muestras de cada grupo poblacional y se difundirán los cuestionarios adaptados a cada uno de ellos. Las encuestas se difundirán a través de los centros educativos y acompañadas de la justificación del proyecto para fomentar la participación.

RESULTADOS ESPERADOS: El proyecto producirá datos acerca de la preparación del sistema educativo para responder de forma efectiva a las necesidades del alumnado con enfermedades de cualquier tipo y para adaptarse a los cambios forzados por la COVID-19, además de dar a conocer la opinión y la necesidad de la incorporación de la Enfermería Escolar.

PALABRAS CLAVE: Enfermería Escolar, Salud Emocional, infancia, Educación Primaria.

TITLE: The figure of the School Nurse in Spain and its role in the emotional well-being of infants.

ABSTRACT

INTRODUCTION: Nowadays, the role of School Nursing in Spain is in the process of development and has very little presence in educational system compared to other countries, both European and American. This final degree project will focus on the emotional health of boys and girls in Primary Education, due to the numerous changes they are exposed to during this critical period whose are reflected in their emotions. The educational community (teaching staff and families) will also be involved in order to enhance the figure of the School Nurse, by creating closer relationships and thus promoting the emotional well-being of infants as the main objective.

OBJECTIVE: To determine the knowledge of teachers, families and students belonging to Public Primary Education centers when it comes to identifying emotional discomfort in infants.

METHODS: Adapted surveys will be distributed throughout the chosen educational centers and accompanied by the justification of the project to encourage participation, after the samples' size of each population group is determined.

EXPECTED RESULTS: The project will be provided on the preparation of the educational system to respond effectively to the needs of students with diseases of any kind and to adapt to the changes forced by COVID-19, in addition to publicize the opinion and the need for the incorporation of School Nursing.

KEY WORDS: School Nursing, Emotional Health, Childhood, Primary Education.

1. INTRODUCCIÓN

1.1. A Enfermaría Escolar

Existen diversas definicións sobre a Enfermaría Escolar, a máis recente (2017) xorde dunha revisión da anterior definición de 1999, establecidas ámbalas dúas pola *National Association of School Nurse* (NASN ou Asociación de Enfermaría Escolar dos Estado Unidos de América), que postula que a Enfermaría Escolar consiste nunha “práctica especializada de enfermaría, protexe e promove a saúde do estudante, facilita o desenvolvemento óptimo e avanza o éxito académico. As Enfermeiras Escolares, baseadas na práctica ética e na evidencia, son as líderes que unen a atención médica e a educación, proven coordinación de coidado, promoven a atención centrada no estudante e colaboran para deseñar sistemas que permita ás persoas e comunidades desenvolver todo o seu potencial” (1,2).

En xeral, todas as definicións atopadas acerca deste concepto fan referencia ó/a Enfermeiro/a Escolar como o/a profesional que abarca o ámbito educativo e facilita e comparte con toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) as ferramentas necesarias para mellorar o seu nivel de saúde física, mental, emocional e social, sempre en colaboración con outros recursos e profesionais do sistema sanitario (1).

1.1.1. Contexto histórico

Entre finais de século XIX e comezos do XX incorpóranse por primeira vez profesionais de enfermaría aos centros escolares, case simultaneamente nos continentes europeo e americano, sendo Inglaterra e os EUA dous dos países máis precoces. É a partir de que esta especialidade comeza a cobrar importancia cando se regula a súa situación legalmente nestes países e se crean novas asociacións co fin de impulsar, mellorar e investigar sobre a súa labor (1).

A primeira referencia que se atopa en España directamente relacionada ás funcións da Enfermaría Escolar data de finais do século XIX e nela ponse de manifesto a relevancia da hixiene nas escolas en relación ás enfermidades contaxiosas e os hábitos alimentarios (1,2).

As Enfermeiras Escolares en España ocupan lugar inicialmente nos Centros de Educación Especial (CEE) de carácter público ao longo da década de 1980, dadas as necesidades especiais das persoas con diversidade funcional, segundo queda recollido nos seguintes artigos da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración dos Minusválidos:

- Artigo 28: “a educación especial, en canto proceso integrador de diferentes actividades, deberá contar co persoal interdisciplinario tecnicamente adecuado que, actuando como equipo multiprofesional, garante as diversas atencións que cada deficiente requira”.^a
- Artigo 62: “a atención e prestación dos servizos que requiran os minusválidos no seu proceso de recuperación e integración deberán estar orientadas, dirixidas e realizadas por persoal especializado” (3).^a

Con posterioridade á aprobación desta lei, promóvese a inclusión deste colectivo en centros educativos ordinarios en todos os niveis de formación: infantil, primaria e secundaria. Así pois, valorízase a importancia de que profesionais formados en diferentes ámbitos (entre eles, o sanitario) estiveran presentes nos centros educativos a partir dos anos oitenta para contribuír a unha escolarización óptima e adaptada ás súas necesidades (2).

1.1.2. Panorama actual

Actualmente en España, o protagonismo do que goza a Enfermeira Escolar e en comparación con outros países é notablemente inferior. Non obstante, cabe resaltar a visibilidade que está acadando nos últimos anos, partindo do nacemento da Plataforma Estatal de Enfermaría Escolar en 2019 (constituída polo Sindicato de Enfermaría SATSE, o Foro Español de Pacientes e o Sindicato Independente da Ensinanza Pública ANPE) e a súa continua reivindicación a prol da implantación da Enfermaría Escolar nos centros educativos españois, xunto con outras asociacións nacionais como Asociación Nacional e Internacional de Enfermaría Escolar (AMECE) ou *School Nurses* da Comunidade de Madrid, as cales ademais de difundir información á poboación xeral, ofrecen outro tipo de recursos como a formación educativa a profesionais sanitarios (1, 2 ,4 ,5).

^a Texto de tradución propia.

Con todo, un dos aspectos a ter presente é que en España, xa dende os seus inicios, a Enfermaría Escolar forma parte dos equipos multidisciplinares nos CEE con maior frecuencia que nos centros ordinarios.

Malia que non existen listaxes oficiais que confirmen cales son as escolas que contan con esta práctica a nivel nacional, si se coñece que a Comunidade de Madrid é a que dispón dun maior número de Enfermeiras/os Escolares nas súas aulas. Ademais, segundo a Asociación Nacional e Internacional de Enfermaría Escolar (AMECE), non todas as Comunidades Autónomas contan cos coñecementos, aptitudes e intervencións dun profesional sanitario, como o/a enfermeiro/a, nos centros educativos (1,4).

Como a Enfermaría Escolar non se atopa instaurada na totalidade das Comunidades Autónomas do país e tampouco está recoñecida como unha especialidade da enfermaría, as actividades propias desta figura lévana a cabo profesionais de Atención Primaria especializados en Enfermaría Comunitaria e están controladas xeralmente por programas de saúde escolar dos Ministerios de Sanidade e Educación (6).

No que á situación internacional se refire, o Reino Unido é un dos países europeos no que a Enfermaría Escolar goza de maior prestixio e mellor reputación, grazas en certo modo á labor da Sociedade de Enfermaría Escolar Londiniense (*The London School Nurses' Society*), sendo esta a primeira fundación creada no país británico e a cal conseguiu que esta profesión fose continuamente en auxe dende a súa creación ata agora. Así é que a día de hoxe, a Enfermaría Escolar en Inglaterra é considerada unha especialización, a cal pertence ao servizo de Atención Primaria e é regulada polo Departamento de Saúde do Goberno británico (6).

Outros exemplos de países europeos nos que o papel da Enfermaría Escolar está debidamente recoñecido son, entre outros, Suecia, Lituania e Francia. No primeiro deles, a labor que desempeña o/a Enfermeiro/a Escolar está regulado pola lexislación e baixo a competencia da “*Swedish National Board of Health and Welfare*”, é dicir, o Ministerio de Saúde e Asuntos Sociais. O papel da Enfermaría Escolar en Lituania depende do Ministerio de Saúde; non obstante, difire dos demais en que se distinguen tres tipos de enfermeiros/as nas escolas: enfermeiros/as xeneralistas, Enfermeiros/as Escolares e enfermeiros/as especialistas en Saúde Pública. En contraposición cos

anteriores, os profesionais da Enfermaría Escolar en Francia, tamén coñecido como *l'infirmier de l'Éducation nationale*, entran dentro da responsabilidade do Ministerio de Educación (6).

Con isto, dado que a pretensión dos defensores da Enfermaría Escolar en España é a instauración e regulación da profesión a nivel nacional e tendo como modelos a seguir os países europeos previamente mencionados, unha das medidas fundamentais para garantir o cumprimento do obxectivo sería a creación dunha nova especialidade da enfermaría ou ben, en caso de que os/as profesionais encargados/as das labores da Enfermaría Escolar foran os/as enfermeiros/as especializados/as en Enfermaría Comunitaria, engadir na súa formación unha rotación vinculada á Escola.

En cambio, no continente americano, os EUA contan cunha cifra aproximada de 45.000 profesionais da enfermaría que levan a cabo as súas funcións en centros de educación, dando cobertura así ao 75% das escolas do país, despexando as dúbidas sobre a importancia que se lle outorga ás labores de profesionais sanitarios nas escolas (6,7).

1.1.3. Marco legal nacional

Actualmente en España non existe ningunha lei que regule a situación da Enfermaría Escolar. Porén, tres Comunidades Autónomas do noso país (Asturias, Valencia e Navarra) forman parte do proxecto da OMS da Rede Europea das Escolas Promotoras de Saúde (REEPS) ou *School for Health in Europe Network* (SHE), cuxo propósito principal é a promoción e Educación para a Saúde (EpS) nas idades máis temperás e dende o ámbito escolar. Ademais, outras catro CCAA (Aragón, Cantabria, Canarias e Extremadura) levaron a cabo unha iniciativa propia de rede de escolas promotoras da saúde (8).

A OMS (1998), utiliza o termo de EpS para referirse ás “oportunidades de aprendizaxe creadas conscientemente destinadas a mellorar a alfabetización sanitaria que inclúe a mellora do coñecemento da poboación e o desenvolvemento de habilidades persoais que conduzan á mellora da saúde” (9).

Segundo establece o artigo 24 da Convención dos Dereitos do Neno: “os nenos e as nenas teñen dereito a desfrutar do máximo nivel de saúde que sexa posible e aos servizos para o tratamento das enfermidades e a rehabilitación da saúde. As autoridades deben asegurar a prestación da asistencia médica e a atención, garantir que nais, pais, nenos e nenas coñezan os principios básicos da saúde e a nutrición infantil, a hixiene, o saneamento ambiental e as medidas de prevención de accidentes, e que teñan acceso á educación e reciban apoio para aplicar eses coñecementos”^a (10).

Por outra banda, a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece no artigo 71 o seguinte: “as administracións educativas dispoñerán dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na presente Lei. As administracións educativas poderán establecer plans de centros prioritarios para apoiar especialmente aos centros que escolaricen alumnado en situación de desvantaxe social”^a (11).

O traballo dun profesional sanitario, en particular o persoal de enfermaría, trae implícito no seu rol realizar EpS co fin de alcanzar o máximo nivel de saúde posible, tanto física como mental, emocional e social. Tal e como se atopa recollido no Código Deontolóxico da Enfermaría Española: “*respecto al papel de los Enfermeros/as en la sociedad, hemos de tener en cuenta su responsabilidad en el área de: 1º Prevención de las enfermedades, 2º Mantenimiento de la salud, 3º Atención, rehabilitación e integración social del enfermo, 4º Educación para la salud y 5º Formación, administración e investigación en Enfermería*” (12).

Tamén se inclúen no Código Deontolóxico nacional os seguintes artigos en relación ás funcións educativa e comunitaria da Enfermaría:

- Artigo 26: “*La enfermera/o, dentro de sus funciones, debe impartir la educación relativa a la salud de la Comunidad, con el fin de contribuir a la formación de una conciencia sana sobre los problemas del medio ambiente*”.
- Artigo 37: “*Igualmente deberán colaborar en la educación y formación de la Comunidad para aquellos miembros que sufran incapacidades o minusvalías puedan ser integrados en la misma y, a través de ellas, en la Sociedad*”.

^a Texto de tradución propia.

- Artigo 41: *“La Enfermera/o deberá contribuir, mediante su trabajo, y en la medida de su capacidad, a que todos los niños tengan adecuada alimentación, vivienda, educación y reciban los necesarios cuidados preventivos y curativos de salud”* (12).

Deste xeito, algunhas das funcións da Enfermaría Escolar son comúns a outros ámbitos de traballo a nivel asistencial, entre elas: Educación para a Saúde, prevención de enfermidades e condutas de risco características da idade infantil e prestación dos coidados máis oportunos aos membros da comunidade educativa. Pola contra, a participación do/a Enfermeiro/a Escolar ao longo do desenvolvemento dos nenos e das nenas trae consigo a inclusión de persoas con diversidade funcionais ou intelectuais e, adicionalmente, melloras na coordinación con outros profesionais sanitarios implicados no desenvolvemento do escolares (2).

1.2. A saúde emocional nos infantes

Segundo a OMS, fíxase a definición do estado de benestar emocional como aquel “no que o individuo realiza as súas capacidades, supera o estrés normal da vida, traballa de forma produtiva e frutífera e aporta algo á súa comunidade” (13).

É habitual entre o alumnado que o propio proceso de maduración e crecemento persoal se interpoña na procura do benestar psicolóxico. Máis aínda tendo en consideración que durante estas idades se asenta o significado do ser e da propia identidade, apréndese a establecer relación cos grupos de iguais, a aceptar as diferenzas e a crear vínculos adicionais. Neste sentido os nenos e as nenas deben construír novos mecanismos dende as primeiras idades para deste xeito desenvolverse satisfactoriamente nun sistema distinto ao da familia e o fogar aceptando a separación (14-16).

Unha situación familiar inestable ou a inexistencia de vínculos seguros por parte dos máis achegados (habitualmente, os proxenitores) pode acrecentar a vulnerabilidade do/a neno/a ao derivar nun episodio de perda da protección e perda do amor, así como tamén alterar a súa capacidade para afrontar situacións que entrañan certa dificultade e incluso desencadear condutas disruptivas, poñendo en risco a saúde emocional do infante (14, 16).

Debido á situación de emerxencia sanitaria e social que trouxo consigo a COVID-19, xunto cas consecuencias directas de contraer a enfermidade e as diversas medidas restritivas que se acordaron (entre elas, a limitación do contacto social ou a distancia interpersonal), todo isto tivo - e segue tendo - consecuencias desfavorables en termos de desenvolvemento natural a nivel físico, social, mental e emocional da poboación e, en particular, dos nenos e nenas.

O feito de estaren expostos de xeito continuo á infección e pertenceren ao grupo poboacional que de forma lóxica se concibe como alleo á enfermidade, supón para eles/as un desafío a maiores á hora de comprender todo o que a pandemia carrea. Á súa vez, pode darse o caso de que os nenos e nenas teñan que enfrontárense de forma temperá á morte e ao dó, o cal posiblemente se poida traducir nunha angustia por estaren aínda forxando o propio concepto da morte e non ter as aptitudes emocionais para lidar con esta conxuntura (14).

Ademais, pódese atopar como resposta psicolóxica ante a pandemia o medo a unha ampla variedade de situacións, como por exemplo distanciamento a causa de confinamentos na entorna, perda da rutina, soidade ou rexeitamento por parte dos demais cara un/unha mesmo/a por relación ca enfermidade. Por conseguinte, os casos de malestar emocional no alumnado seguen moi á alza aínda meses despois de emprender unha nova realidade post-pandemia (15, 17).

Cada neno/a pode expresar os seu malestar emocional de formas moi diversas en función da personalidade e do carácter que tivera forxado ata ese momento; non obstante, dito sufrimento adoita estar manifestado, entre outros aspectos, por fatiga ou esgotamento emocional, ansiedade, estrés, angustia, depresión, irritabilidade, axitación ou nerviosismo (14, 17).

Todo o anterior pode transmitirse non só verbalmente recoñecendo o malestar e compartíndoo cunha persoa de confianza para o/a neno/a, senón tamén mediante condutas e/ou trazos emocionais intimamente ligados cos signos e síntomas principais previamente mencionados. Entre outros moitos: sentimento de incapacidade, fobias (especialmente as sociais), condutas compulsivas, illamento, apatía, incerteza, insomnio, enfrontamento ou violencia (15).

1.3. A escola humanizada

“As intervencións de promoción nas escolas aumentan a autoestima, as habilidades da vida, a conduta pro-social, o rendemento escolar e o ambiente social” (OMS, 2004). A anterior é unha das recomendacións instauradas pola Organización Mundial da Saúde na que deixa entrever a transcendencia que se lle atribúe á promoción da saúde mental na infancia como forma de prevención de futuras enfermidades mentais en idades máis tardías (18).

Entre os obxectivos da Enfermaría Escolar no campo do benestar emocional en idade infantil figura previr o sufrimento psicolóxico, para o cal é indispensable o recoñecemento e a avaliación do alumnado que se atopa en risco de facer unha realidade dun problema potencial. A tal efecto, deben tomarse en consideración as condutas a través das cales se dan a coñecer os sentimentos relativos ao malestar, xa mencionados con anterioridade (15).

No ano 2021, xorde un programa proposto pola Xunta de Galicia coñecido como “Benestar emocional” co fin de “previr e atenuar a influencia da pandemia” para que os centros educativos leven a cabo as actividades máis axeitadas das 24 totais que se formulan, en función de cada contexto. Neste proxecto fanse partícipes unha gran variedade de profesionais de diferentes ámbitos: académico, psicolóxico, pedagóxico e sanitario. Ademais das familias ou titores/as legais, co fin de involucrar a contorna do neno e da nena e acadar con maior facilidade os obxectivos propostos. Poñendo o foco principal no benestar emocional dos infantes é prioritario facer partícipe da intervención á comunidade educativa, xa que gran parte do tempo que os nenos e as nenas pasan fóra do fogar é na escola. Porén, para que o alumnado se enfrente aos desafíos máis significativos desta idade da maneira máis satisfactoria posible, a contorna familiar debe estar igualmente vinculada e presente en todo momento (14, 15).

As actividades expostas deben ser levadas a cabo por profesionais con formación no ámbito e cos coñecementos necesarios no relativo aos aspectos que teñen repercusión na saúde emocional, así como tamén aptitudes para identificar a respostas dos/as alumnos/as e a súa evolución ao longo do tempo. Ditas intervencións fan alusión á mellora da comunicación e escoita, á identificación de emocións, ao recoñecemento dos cambios, así como tamén se traballa para lidar e saber afrontar as emocións negativas e potenciar as positivas (15).

2. XUSTIFICACIÓN

O feito de insistir nunha boa saúde mental e emocional dende as idades máis temperás e darlle aos nenos e ás nenas as orientacións oportunas para mantela supón que os escolares teñan unha mellor calidade de vida nas etapas vitais posteriores, facendo fincapé na adolescencia, ao previr situacións que lle poden prexudicar moi negativamente. Os beneficios de educar dende pequenos neste ámbito son moi diversos, partindo dunha mellora da saúde física e mental, ata mellores aptitudes psicosociais (18, 19).

Despois de ter pasado os meses máis intensos pola COVID-19, os nenos e as nenas - aínda que tamén os/as adolescentes - sufrírono especialmente: estudouse que por mor do que trouxo consigo a pandemia, os escolares son máis propensos a presentar estrés postraumático, xunto con todas as manifestacións psicolóxicas relacionadas, así como tamén acentuar trazos psicopatolóxicos que podían presentar con anterioridade. Con isto, a importancia que se lle atribúe á saúde mental e emocional hoxe en día é moito maior con respecto a épocas precedentes (20).

Elixir os centros educativos como lugar de intervención para disuadir o malestar emocional durante a idade infantil débese a que se tratan de espazos nos que os nenos e as nenas mostran as súas emocións libremente e as comparten co seu grupo de iguais, polo tanto, isto implica que grazas a todos os compoñentes que conforman a contorna educativa (sen excluír aos pais, nais e tutores/as legais), as escolas sexan entendidas tamén como recunchos terapéuticos (14).

A chegada dun profesional da enfermaría a un centro escolar supón numerosos cambios, non só para o alumnado senón tamén para o equipo docente. Non obstante, Rodríguez-Almagro (2018) indica no seu estudo que tanto o profesorado como o resto da comunidade educativa están na maioría dos casos de acordo ca presenza dun/unha Enfermeiro/a Escolar nas escolas (21).

Tras revisar bibliografía acerca do tema, nalgúns centros a persoa encargada de exercer a labor da Enfermaría Escolar é un profesional que traballa nun centro de Atención Primaria ou en varias escolas simultaneamente, por iso se pode deducir que a calidade dos servizos poderían ser de menor calidade en comparación con aqueles/as enfermeiros/as que recibiron formación especializada no terreo da Enfermaría Escolar ou se poden dedicar integramente a un único centro educativo.

3. OBXECTIVOS

Principal:

- Determinar os coñecementos do profesorado, das familias e do alumnado de centros públicos de Educación Primaria en relación ao malestar emocional nos infantes.

Secundarios:

- Afondar na importancia que lle outorga a comunidade educativa á presenza do/a Enfermeiro/a Escolar co fin de identificar o sufrimento e promover o benestar emocional.
- Identificar o parecer que adoptan o profesorado, as familias e o alumnado con respecto á incorporación dun/unha Enfermeiro/a Escolar nun centro educativo público de Educación Primaria.

4. MÉTODOS

4.1. Deseño do estudo

O presente proxecto defínese como un estudo observacional de carácter descritivo e transversal, orientado á investigación da opinión dos colectivos.

4.2. Ámbito de estudo

Centros de Educación Primaria de carácter público da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.3. Mostra, selección e retirada de participantes. Criterios de inclusión e exclusión.

Previamente á selección dos participantes do estudo, realizarase unha escolma dos centros de Educación Primaria representativos de toda a comunidade educativa galega, de xeito que serán incluídos aqueles pertencentes tanto a grandes e medias vilas como ao medio rural. Co fin dunha mellor representación, dita selección farase atendendo á distribución poboacional por zonas de urbanización (densamente poboadas, intermedias e pouco poboadas), habitando en cada área un terzo da poboación xeral, aproximadamente. Deste xeito, farase unha listaxe dos centros e cun xerador de números aleatorios, escolleranse dous centros pertencentes a cada zona (un total de seis centros), tendo en consideración que se estima unha participación do 30%. Por conseguinte, buscaranse escolas que excedan no triplo o número de alumnos en relación ao tamaño mostral de cada zona de urbanización (22).

O cálculo do tamaño mostral farase atendendo aos seguintes aspectos:

- Alumnado de Educación Primaria matriculado en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso 2019/2020. $N = 95.570$ (23).
Intervalo de confianza do 95% e marxe de erro do 5%.
O tamaño mostral estimado de alumnado será de $n = 383$.

- Profesorado de Educación Primaria en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso 2019/2020. $N = 11.295$ (24).
Intervalo de confianza do 95% e marxe de erro do 5%.
O tamaño mostral estimado de profesorado será de $n = 372$.

- Proxenitores ou representantes legais con nenos/as escolarizados en Educación Primaria (consultarase a un único proxenitor por unidade familiar). Sabendo, por un lado, que o total de alumnos/as escolarizados en Educación Primaria en escolas públicas de Galicia no ano 2019 (indicado anteriormente) e, por outro, que o índice de fecundidade nese mesmo ano é de 1,19 fillos por muller, obtemos un tamaño poboacional $N = 80.310$ (25).

Intervalo de confianza do 95% e marxe de erro do 5%.

O tamaño mostral estimado das familias será de $n = 383$.

Para delimitar os participantes do estudo, farase unha selección tendo en consideración diferentes criterios de inclusión e exclusión (táboa 1).

Táboa 1: criterios de inclusión e criterios de exclusión

<i>Participantes</i>	Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
<i>Alumnado</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Estar matriculados/as nunha das escolas onde se realizará o estudo. - Ser alumno/a de Educación Primaria. - Contar coa autorización escrita do pai/nai/titor legal. 	Non firmar o consentimento informado.
<i>Profesorado</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado da comunidade educativa da escola. - Pertencente á comunidade educativa dende mínimo 6 meses. 	
<i>Familias</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Pai / Nai / Titor legal do alumnado de primaria. 	

4.4. Análise estatística

Estudo descritivo: (a) Variables cuantitativas: media e desviacións típicas no caso das variables numéricas de distribución homoxénea ben medianas e cuartiles se a distribución é asimétrica. (b) Variables cualitativas: indicaranse en frecuencias absolutas e relativas. Para as comparanzas utilizaranse probas paramétricas (t de Student) e non paramétricas (Chi-cadrado de Pearson e proba U de Mann-Whitney), coa axuda dunha folla de cálculo LibreOffice e de SPSS.

4.5. Consideracións ético-legais

O proxecto de investigación cumpre todas as consideracións éticas recollidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, onde se vela pola confidencialidade e anonimato de todos/as os/as participantes do estudo (26).

De acordo cas características do estudo e a lexislación vixente, requírese a autorización do Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela (USC), así como tamén se solicitará permiso á dirección dos Centros de Educación Primaria nos que se distribuirán as enquisas (Anexo I) e á Consellería de Educación por mor de tratarse dun estudo en escolas de carácter público.

Tendo en conta o anterior, foi preciso a elaboración de tres documentos: por un lado, os consentimentos informados dirixidos tanto ás familias, no que se inclúe tamén a autorización por parte dos representantes legais para a participación dos menores (Anexo II), como ao profesorado (Anexo III) e a folla de información ao participante (Anexo IV). Esta última será entregada ás familias e ao profesorado previamente a asinar o consentimento informado, xa que nela consta a información necesaria sobre o proceso de investigación e desenvolvemento do estudo.

A enquisa é de carácter voluntario e anónimo.

5. CRONOGRAMA DE TAREFAS

Na Táboa 2 amósase o tempo estimado atendendo aos seguintes criterios: realización da enquisa, análise de datos e a interpretación dos mesmos e, finalmente, redacción da publicación e divulgación dos resultados obtidos nas fases anteriores.

Unha das partes máis importantes para levar a cabo a realización do estudo e que os resultados sexan verdadeiramente fiables é a validación das enquisas: en primeiro lugar, expertos na materia realizarán unha análise dos cuestionarios para avaliar tanto o contido como a estrutura dos mesmos. A continuación, realizarase unha proba piloto compartindo os borradores das enquisas con persoas de características semellantes ás seleccionadas para o estudo e comprobar deste xeito que se cumpran os propósitos da súa distribución. Finalmente, e tendo en conta os anteriores elaboraranse de forma definitiva os cuestionarios para a súa posterior divulgación (27).

Ademais, elaboraranse un artigo científico para a posterior publicación dos resultados do estudo nun xornal científico indexado no *Science Citation Index*, ao tempo que se participará en actividades de divulgación.

Táboa 2: Cronograma de tarefas

TAREFA	Marzo 2023	Abril 2023	Maiο 2023	Xuño 2023	Xullo 2023		Setembro 2023	Outubro 2023
REALIZACIÓN DO ESTUDO								
Realización da enquisa	■	■	■					
Análise e interpretación dos datos				■	■			
INFORME E DIVULGACIÓN DE RESULTADOS								
Elaboración do informe final							■	■
Presentación e divulgación dos resultados								■

6. VIABILIDADE E COSTOS

Na Táboa 3 móstrase o material e o persoal con cargo a financiación deste proxecto.

- Costo de persoal: non se require financiación persoal para a realización do proxecto.
- Costo de dietas e desprazamentos.
- Material funxible: requírese para a distribución dos consentimentos informados, das enquisas do alumnado, o profesorado e familias, segundo preferencias persoais.
- Inscripción congresos: para diminuír custos, realizaríase no período con menor custo de inscrición. En base ás tarifas actuais, estímase un custo entre 200-600€/persoa. Propónse a participación nun congreso internacional, incluíndo na financiación a inscrición, a viaxe a o aloxamento.
- Tarifa de publicación nunha revista *open access* de nivel Q1. En base ás tarifas actuais estímase entre 1.200 e 2.300€.

Táboa 3. Conceptos con cargo a financiación

Gastos	Custo por concepto	Total
Dietas e desprazamentos	35€ por persoa/día ^a	420€
Material funxible: tinta de impresora	40€	120€
Divulgación de resultados		
- Congreso nacional	- Inscripción custo medio por persoa	400€
- Congreso internacional de Enfermaría	- Dietas 15€ por persoa/día	45€
o Inscripción	- 1000€	2000€
o Viaxe e aloxamento	- 1000€	2300€
- Publicación	- 2300€	
TOTAL		5285€

^a O importe máximo que se destinará á subvención solicitada á Xunta de Galicia será de 0,19 € por km, 35,00 € por dieta completa para o mantemento e 18,00 € a media dieta. Se a organización recoñeceu cantidades superiores, a diferenza deberá ser asumida pola propia organización. ORDE do 2 de abril de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e convócanse. CAN. Xunta de Galicia. Dispoñible en:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190423/AnuncioG0244-050419-0003_es.html

7. RESULTADOS ESPERADOS

Este proxecto permitirá coñecer en que grao están presentes as enfermidades con maior prevalencia, tanto físicas como psicolóxicas ou emocionais. Así como a formación que ten o persoal docente e, en xeral, a calidade dos recursos (tanto materiais como humanos) dos que dispoñen as escolas para abordar e satisfacer os coidados básicos de cada enfermidade, se o/a alumno/a o precisa.

Obteranse datos acerca da perspectiva ca que viven as familias a escolarización dos/as seus/súas fillos/as que padecen enfermidades. Aínda que tamén resulta oportuno poñer en coñecemento a opinión do alumnado a través dunha enquisa adaptada a este grupo poboacional, en función das capacidades intelectuais.

Ao levar a cabo o proxecto, terase unha visión aproximada da repercusión da COVID-19 non só no alumnado, senón tamén na capacidade de adaptación dos sistemas que máis frecuentan as persoas en idade infantil e máis poden influír na súa saúde emocional - ou que teñen as competencias necesarias para intervir - como son o educativo e o sanitario. Podendo efectuar unha comparativa dos puntos de vista do profesorado, das familias e do alumnado.

A maiores do impacto, aparentemente negativo, da pandemia sobre o benestar emocional en nenos e nenas, conseguírase información no referente á situación emocional xeral das escolas. Este último é un aspecto cun interese peculiar, xa que tendo acceso a dita información, sería máis sinxelo elaborar posibles intervencións nun futuro de cara liquidar a problemática emocional nas escolas, de habela.

Da análise dos datos, poderase identificar nunha primeira instancia a información ca que conta a comunidade educativa en xeral acerca do/a Enfermeiro/a Escolar e as súas funcións, ademais de concluír a necesidade da presenza desta figura.

Finalmente, todos estes resultados terán valor para a orientación de medidas na implantación da figura da Enfermaría Escolar por parte da Administración.

8. BIBLIOGRAFÍA

1. Consejo General de Enfermería de España. Marco de competencias del Profesional de Enfermería Experto en el Ámbito Escolar. Madrid; 2018 [citado 20 decembro 2021]. <https://www.consejogeneralenfermeria.org/pdfs/Doc%20Competencias%20Enfermer%C3%ADa%20Escolar.pdf>
2. González García N., López Langa N. Metas de Enfermería [Internet]. 2012 [citado 20 decembro 2021]; 15 (7): 50-54. Disponible en: <https://www.amece.es/images/1.antecedentes.pdf>
3. España. Ley Orgánica 13/1982, de 7 de abril, de integración social de los minusválidos. [Internet] Boletín Oficial del Estado, 30 de abril de 1982, núm. 103, pp. 1-22 [citado 20 decembro 2021]. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1982-9983&p=20131203&tn=2>
4. Amece.es. Asociación Nacional e Internacional de Enfermería Escolar [Internet]. Madrid. [citado 22 decembro 2021]. Disponible en: <https://amece.es/>
5. Satse. es. Sin la enfermera escolar no se puede garantizar la salud y seguridad del alumnado en los centros educativos [Internet]. Setembro 2021 [citado 15 xaneiro 2022]. Disponible en: <https://www.satse.es/comunicacion/sala-de-prensa/notas-de-prensa/sin-la-enfermera-escolar-no-se-puede-garantizar-la-salud-y-seguridad-del-alumnado-en-los-centros-educativos>
6. Villa Moreno, A. Análisis de la situación actual de la enfermería de Salud Escolar [traballo fin de grado Internet]. Universidad de la Laguna; 2019 [citado 10 xaneiro 2022]. Disponible en: <https://riull.ull.es/xmlui/bitstream/handle/915/15165/Analisis%20de%20la%20situacion%20actual%20de%20la%20enfermera%20de%20salud%20escolar.%20.pdf?sequence=1>
7. Nasser Laaoula A.O. La Enfermería Escolar: Una necesidad sentida [traballo fin de máster Internet]. Universidad de Almería; 2011 [citado 10 xaneiro 2022]. Disponible en: http://repositorio.ual.es/bitstream/handle/10835/466/La_enfermeria_escolar_una_necesidad_sentida_Nasser_Laaoula_Ossama.pdf?sequence=1&isAllowed=y
8. Gobierno de España. Ministerio de Educación y Formación Profesional. Red SHE [Internet]. Educacionyfg.gob.es. Disponible en: <https://www.educacionyfp.gob.es/mc/sgctie/salud-escolar/redescuelassaludables.html>
9. Organización Mundial da Saúde. Promoción de la Salud: glosario [internet]. Ginebra: OMS; 1998 [citado 18 xaneiro 2022]. Disponible en: <https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/docs/glosario.pdf>

10. UNICEF Comité Español. Convención sobre los Derechos del Niño. [Internet]. Madrid: junio de 2006 [citado 20 xaneiro 2022] Dispoñíbe en:
<http://www.un.org/es/events/childrenday/pdf/derechos.pdf>
11. España. Ley Orgánica 2/1006, de 3 de mayo, de Educación. [Internet] Boletín Oficial del Estado, 4 de maio de 2006, núm. 106, pp. 1-113 [citado 20 xaneiro 2022] . Dispoñible en:
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-7899>
12. Consejo General de Enfermería. Código Deontológico de la Enfermería Española [Internet]. 1989 [citado 3 maio 2022]. Dispoñible en:
https://www.consejogeneralenfermeria.org/pdfs/deontologia/codigo_deontologico.pdf
13. Asamblea Mundial da Saúde. Plan de acción sobre Salud Mental 2013-2020 [Internet]. Ginebra: Organización Mundial da Saúde; 2013 [citado 5 febreiro 2022].
https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/97488/9789243506029_spa.pdf
14. Area Carracedo R., Armas Castro M. e Armas C. Despois da pandemia a escola do ben común: unha mirada sociocomunitaria. Revista Galega de Educación. Novembro 2021 [citado 5 febreiro 2022]; 81: 14-18.
15. Plan de Benestar emocional. Proposta de Intervención [Internet]. Xunta de Galicia; 2021 [citado 20 febreiro 2022]. Dispoñible en:
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/benestar_emocional_2021.pdf
16. García Iborra J. et al. Desarrollo Emocional y Estrategias Creativas en Menores con Dificultades Madurativas. 1ª ed. Región de Murcia; 2019 [citado 20 febreiro 2022]. Dispoñible en:
<https://redined.educacion.gob.es/xmlui/bitstream/handle/11162/216807/Desarrollo%20emocional%20y%20estrategias%20creativas%20en%20menores%20con%20dificultades%20madurativas.pdf?sequence=1#page=30>
17. UNICEF España. Salud Mental e Infancia en el Escenario de la COVID-19 [internet]. Junio 2020 [citado 23 xaneiro 2022]. Dispoñible en: https://www.aepcp.net/wp-content/uploads/2021/03/COVID19_UNICEF_Salud_Mental.pdf
18. Organización Mundial da Saúde. Invertir en Salud mental. Ginebra: World Organization Health; 2014 [citado 6 marzo 2022]. Dispoñible en:
https://www.who.int/mental_health/advocacy/en/spanish_final.pdf
19. Garaigordobil Landazabal M. La educación emocional en la infancia y la adolescencia. Participación educativa [Internet]. 2018 [citado 6 marzo 2022]; 5(8): 105-128. Dispoñible

en:https://redined.educacion.gob.es/xmlui/bitstream/handle/11162/178711/Garaigordobil_Educacion_Emocional.pdf?sequence=1&isAllowed=y

20. Sánchez Boris, I.M. Impacto psicológico de la COVID-19 en niños y adolescentes. MEDISAN [Internet]. 2021 [citado 8 marzo 2022]; 25(1): 123-141. Disponible en: http://scielo.sld.cu/scielo.php?pid=S1029-30192021000100123&script=sci_arttext&tlng=pt
21. Rodríguez Almagro J. et al. The Need of School Nursing in Spain: A Mixed Methods Study. Int J Environ Res Public Health [Internet]. 2018 [citado 22 febrero 2022]; 15 (11): 1-11. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC6266904/pdf/ijerph-15-02367.pdf>
22. IGE [Internet]. Galicia: Instituto Galego de Estatística; 2016. Grao de urbanización 2016 por concellos [citado 3 maio 2022]. Disponible en: <https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/MetodoloxiaGU2016Concell os.pdf>
23. Gobierno de España. Ministerio de Educación y Formación Profesional. D2. La Educación Primaria [Internet]. Educacionyfg.gob.es [citado 3 maio 2022]. Disponible en: <https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:e87d5879-ecbd-42d9-bf6c-cab9cc655498/d2-pdf.pdf>
24. Gobierno de España. Ministerio de Educación y Formación Profesional. B3. El Profesorado y otro personal en Centros Docentes [Internet]. Educacionyfg.gob.es [citado 3 maio 2022]. Disponible en: <https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:fc7a6dc4-3abf-44a6-a8f7-85d91fdb8c67/b3-pdf.pdf>
25. INEbase [Internet]. Madrid: Instituto Nacional de Estadística; 2021. Indicadores demográficos básicos Año 2020 [citado 3 maio 2022]. Disponible en: https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177003&menu=ultiDatos&idp=1254735573002
26. Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales. [Internet] Boletín Oficial del Estado, 7 de diciembre de 2018 [citado 15 maio 2022]. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2018-16673>
27. Escofet A, Folgueiras P, Luna E, Palou B. Elaboración y validación de un cuestionario para la valoración de proyectos de aprendizaje-servicio [Internet]. 2016 [citado 17 maio 2022]; 21 (70): 929-949. Disponible en: http://www.scielo.org.mx/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1405-66662016000300929

9. ANEXOS

Anexo I

Autorización e aceptación por parte do centro educativo

Título do estudo: A figura do/a Enfermeiro/a Escolar en España e o seu papel no benestar emocional dos infantes.

Eu _____, Director/a do centro _____, lín a folla de información ao participante e autorizo o acceso aos participantes precisos para o estudo.

Fdo.: O/A director/a do centro
(Nome, sinatura e data)

Fdo.: A investigadora
(Nome, sinatura e data)

Anexo II

Autorización e aceptación por parte dos pais/nais ou representantes legais do alumnado menor de idade

Título do estudo: A figura do/a Enfermeiro/a Escolar en España e o seu papel no benestar emocional dos infantes.

Co fin de coñecer a perspectiva do profesorado, das familias e do alumnado do centro en relación á saúde emocional e a implicación do/a Enfermeiro/a Escolar neste ámbito, divulgarase entre estes grupos unha enquisa anónima sen posibilidade de identificación. A participación é voluntaria. Mediante este documento e despois de ler a folla de información ao participante, vostede autoriza a súa participación e a do seu fillo ou filla no presente estudo.

Eu _____, con DNI _____
nai/pai/representante legal de _____, que cursa ____º
de Primaria no colexio _____, acepto participar no
estudo e autorizo a intervención do menor.

Indique a continuación como desexa recibir a enquisa:

- De forma telemática (indique o correo electrónico: _____)
- En papel

Fdo.: O/A representante legal
(Nome, sinatura e data)

Fdo.: A investigadora
(Nome, sinatura e data)

Anexo III

Autorización e aceptación por parte do persoal docente do centro

Título do estudo: A figura do/a Enfermeiro/a Escolar en España e o seu papel no benestar emocional dos infantes.

Co fin de coñecer a perspectiva do profesorado, das familias e do alumnado do centro en relación á saúde emocional e a implicación do/a Enfermeiro/a Escolar neste ámbito, divulgarase entre estes grupos unha enquisa anónima sen posibilidade de identificación. A participación é voluntaria. Mediante este documento e despois de ler a folla de información ao participante, vostede autoriza a súa participación no presente estudo.

Eu _____, con DNI _____, profesor/a do curso ____º de Primaria no colexio _____, acepto participar no estudo.

Indique a continuación como desexa recibir a enquisa:

- De forma telemática (indique o correo electrónico: _____)
- En papel

Fdo.: O/A profesor/a
(Nome, sinatura e data)

Fdo.: A investigadora
(Nome, sinatura e data)

Anexo IV

Folla de información ao participante

“Solicítase a súa autorización para participar no proxecto de investigación titulado “A figura do/a Enfermeiro/a Escolar en España e o seu papel no benestar emocional dos infantes”, cuxo obxectivo principal é determinar os coñecementos do profesorado, das familias e do alumnado matriculado en centros públicos de Educación Primaria á hora de identificar o malestar emocional nos infantes.

Os beneficios que se esperan deste traballo consistirán en comprobar a relevancia da figura da Enfermaría Escolar (profesión bastante descoñecida no noso país) nos centros educativos de carácter público, en concreto nos de Educación Primaria, no referente á saúde emocional dos escolares. Poderase identificar a perspectiva de todos os grupos poboacionais implicados (alumnado, familias e representantes legais do alumnado e profesorado dos centros) e unha vez coñecido todo o anterior poderanse propor medidas co fin de procurar unha mellor saúde emocional nos infantes en idade escolar. O estudo realizarase dende marzo de 2023 ata outubro do mesmo ano. A participación neste estudo é totalmente voluntaria, si vostede non desexa participar no estudo, non supoñerá ningunha consecuencia negativa para vostede. En calquera momento pode retirarse do estudo sen que teña ningunha consecuencia. A resposta é completamente anónima, polo que non se dispoñerá de ningún dato que puidese identificarlle. En calquera caso, a información trátase de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. Se ten algunha pregunta sobre este proxecto de investigación, pode consultar en calquera momento á investigadora: Nerea Leis Piñeiro ao seu correo electrónico leisnerea@gmail.com.”

Anexo V: enquisa destinada ao profesorado

[Enquisa destinada ao profesorado](#)

Anexo VI: enquisa destinada ás familias

[Enquisa destinada ás familias](#)

Anexo VII: enquisa destinada ao alumnado

[Enquisa destinada ao alumnado](#)